

Resolución do 23 de agosto 2019, da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, pola que se declara deserta a convocatoria pública para a vinculación temporal, por concurso de méritos, de dúas prazas de facultativo especialista de área de pediatría e as súas áreas específicas para os servizos sanitarios de atención especializada de dita Xerencia.

Por resolución do 6 de xuño de 2019 (DOG nº 120, do 26 de xuño) convocáronse, para a súa cobertura mediante vinculación temporal de interinidade, dúas prazas da categoría de facultativo especialista de área de pediatría e as súas áreas específicas no Hospital de Verín.

De acordo co disposto na base terceira da convocatoria abriuse un prazo de 15 días hábiles, do 27 de xuño ao 17 de xullo, para a presentación de solicitudes de participación no procedemento de selección temporal convocado, sen que concorrese ningún aspirante.

Esta Xerencia de Xestión Integrada, de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG núm. 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 43/2013, do 21 de febreiro (DOG núm. 47, do 7 de marzo), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, modificado polo Decreto 111/2013 do 4 de xullo (DOG núm. 140, do 24 de xullo), e na Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG núm. 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar deserta, por falta de concorrencia de aspirantes, a convocatoria para cubrir, mediante vinculación temporal, por concurso de méritos, co nomeamento de estatutario interino, dúas prazas da categoría de facultativo especialista de pediatría e as súas áreas específicas para o seu desempeño no Hospital de Verín.

Segundo. Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a contar

desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Ourense, 23 de agosto de 2019

O XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA

px

Asdo.: Félix Rubial Bernárdez

